

CONVOCATORIA MOBILIDADES ERASMUS+ CURSO 2024/2025

CONVENIO 2024-1-ES01-KA131-HED-000210049

CONVENIO 2024-1-ES01-KA121-VET-000210177

CONVENIO 2023-1-ES01-KA131-HED-000122515

OBXECTO:

O Equipo de Programas Internacionais convoca ao alumnado de ciclos formativos do IES JOHAN CARBALLEIRA a participar nas mobilidades de prácticas Erasmus+ que se realizarán durante o presente curso.

A mobilidade na FP achega un valor evidente ao axudar aos mozos a abrir as súas mentes, ampliar as súas competencias sociais, profesionais e transversais, desenvolver o gusto pola innovación e a iniciativa e o sentido da cidadanía europea. É unha forma de mellorar os resultados globais das organizacións (tanto dos provedores de FP como das empresas) implicadas en ditas prácticas, creando estratexias de internacionalización duradeiras e, ao mesmo tempo, axudando tamén ás empresas a atopar as competencias adecuadas que necesitan para aumentar a súa competitividade.

PRAZO:

O prazo de presentación das solicitudes é **dende o día 4 de outubro**, data da publicación desta convocatoria, **ata o día 18 de outubro**, ambos inclusive.

SOLICITUDES:

Para poder participar nas mobilidades Erasmus+ do presente curso 2024/25:

1. Será necesario cumprimentar e enviar o formulario publicado na Web do centro para tal fin, escaneando este QR ou tecleando
https://ec.europa.eu/eusurvey/runner/ALUMNADO_2024_2025
2. Superar o proceso selectivo.
3. Tendo en conta o país de destino deberase cumprir co protocolo COVID-19 establecido no país correspondente.



REQUISITOS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA:

- **MOBILIDADES FCT**: A persoa interesada deberá estar matriculada nun Ciclo no IES JOHAN CARBALLEIRA e reunir os requisitos legais para realizar a Formación nos Centros de Traballo (FCT).
- **MOBILIDADES DE RECÉN TITULADOS/AS**: A persoa interesada deberá ter a titulación, ser maior de idade no momento de comezar a mobilidade, e comprometerse a unha estadía mínima de 6 meses. (Mobilidades xestionadas pola Deputación de Pontevedra)
- O/a estudante deberá presentar a solicitude de participación no programa ERASMUS+ nos prazos

establecidos que estarán publicados no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro.

- A comisión de valoración poderá decidir, en base ao informe de Orientación e o equipo directivo, sobre a idoneidade dun participante para participar nas mobilidades en base ao seu grado de madurez, responsabilidade, flexibilidade, equilibrio emocional e adaptabilidade para afrontar con éxito un cambio de vida, costumes e contornas.

CRITERIOS DE EXCLUSIÓN

Serán motivos de exclusión:

- O alumnado que teña sido obxecto, durante a realización do ciclo, de calquera tipo de medida disciplinaria (unha falta de orde no curso actual, expulsión temporal do centro, apertura de expediente disciplinario, etc.)
- As persoas que non presenten os documentos requiridos dentro dos prazos establecidos (formulario de solicitude, currículo Europass, carta de presentación, tarxeta sanitaria europea, etc.) ou que non asistan ás entrevistas de selección do proxecto.
- O equipo de programas internacionais, logo de analizar a valoración feita polo equipo docente, e que amose unha falta de responsabilidade (non asistencia a actividades propostas: reunións informativas, clases de idiomas...) pode decidir a exclusión do candidato/a para realizar a mobilidade.

O alumnado que por motivos de forza maior renuncie a participar na mobilidade, deberá comunicalo por escrito xustificando eses motivos.

FASES E CRITERIOS DE PUNTUACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN:

A selección de candidatos/as estará baseada nos seguintes criterios e ponderacións:

CRITERIOS DE SELECCIÓN	BAREMO	COMO SE VALORA
Expediente académico do candidato/a	ata 2.5 puntos	Valorarase obtendo a nota final obtida no 1º curso do ciclo formativo, ou dos módulos cursados en ensino modular.
Competencia lingüística en inglés ou no idioma do país de destino (Obrigatoriamente achegarse a acreditación oficial xunto co formulario de solicitude)	ata 1.5 puntos	<p>Sen acreditación oficial: A persoa que queira obter puntuación neste apartado, e non teña unha acreditación oficial, poderá realizar unha proba de nivel: Ata 1.5 puntos</p> <p>Con acreditación oficial: Nivel Competencia B2 ou superior: 1.5 puntos Nivel de Competencia B1: 1 puntos Nivel de Competencia A2: 0.5 puntos Nivel de Competencia A1: 0.25 puntos</p>
Adecuación do perfil do	5 puntos	Valoración do equipo docente do Ciclo (grao de madurez,

candidato/a ao programa de mobilidade		capacidade de adaptación a situacións novas, compromiso e responsabilidade no traballo, inquiredanzas e outras competencias clave).
Entrevista persoal	ata 1 puntos	Entrevista realizada e valorada polo Comité de Avaliación de mobilidades.

O venres 24 de novembro de 2024 farase pública unha **relación provisional de candidatos/as ERASMUS+**.

Unha vez rematado o período de alegacións, o **martes 28 de novembro de 2023**, farase pública a **listaxe definitiva**.

1ª FASE: ENTREVISTA PERSOAL (ata 1 punto).

As entrevistas terán lugar ante o Comité de Avaliación, que realizará unha valoración numérica que terá un peso de ata 1 punto nos resultados finais. As persoas solicitantes serán convocadas á entrevista individualmente, indicándosele día, hora e lugar.

O/a candidato/a terá que respostar a unha escolla de preguntas realizadas polo Comité de Avaliación, relativas á súa traxectoria académica/profesional, o seu interese no programa Erasmus+, a idoneidade do seu perfil para emprender unha mobilidade, etc.

A entrevista versará sobre os seguintes aspectos:

1. Traxectoria do alumnado: Valorarase especialmente a experiencia previa no estranxeiro, a experiencia laboral e outros títulos de formación profesional e estudos ou títulos universitarios.
2. Motivación, madurez, autonomía e superación persoal: Valorarase o compromiso do alumno/a co programa e a madurez amosada no seu desenvolvemento educativo, profesional e persoal; especialmente no caso de alumnado pertencente a colectivos desfavorecidos.
3. A flexibilidade e adaptabilidade do alumnado: Valorarase a capacidade do alumnado para adaptarse ás circunstancias, tanto no que respecta ao país e á empresa de destino como ás funcións a desempeñar nela. Así como a súa capacidade para solventar os problemas cos que se poida atopar (procura de aloxamento, desprazamento ata o centro de traballo, traballo a realizar na empresa, etc.)
4. O compromiso económico: Valorarase a capacidade do alumnado para afrontar os gastos que poida supor a realización das prácticas no estranxeiro, especialmente o esforzo realizado polo alumnado que ten que financiarse por si mesmo (traballando e aforrando) polo alto grao de motivación, interese e dinamismo que amosa.

COMITÉ DE AVALIACIÓN

A Comisión que valorará aos solicitantes de bolsa ERASMUS+ para MOBILIDADE DE PRÁCTICAS estará constituída por:

- Un membro do equipo directivo.
- A persoa orientadora.
- Un membro do equipo de programas internacionais.
- O coordinador da FCT.

2ª FASE: EXPEDIENTE ACADÉMICO (ata 2.5 puntos) E VALORACIÓN DO EQUIPO DOCENTE DA ADECUACIÓN DOS CANDIDATOS/AS AO PROGRAMA DE MOBILIDADE (5 puntos).

- O expediente académico valorarase obtendo a nota media da ponderación das notas finais obtidas en todos os módulos cursados durante o 1º curso do ciclo. Este criterio ten un peso de ata 2.5 puntos no resultado final.
- A adecuación do perfil do candidato/a ao programa de mobilidade: O titor/a da FCT, reunirse co equipo docente, e determinará a idoneidade do candidato/a para realizar a mobilidade. (5 puntos)

3ª FASE: COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS NUNHA LINGUA ESTRANXEIRA (ata 1.5 puntos).

O alumnado que presente algún documento oficial que acredite o nivel de idioma fará entrega deste documento, obrigatoriamente, xunto co formulario de solicitude.

Convocarase ao alumnado interesado para a realización da proba voluntaria de idioma:

- A proba voluntaria será no idioma do país de destino (ou inglés)
- Será obrigatorio obter como mínimo un 5 na cualificación da proba para que obteña algunha puntuación.

O Equipo de Programas Internacionais ofertará clases de idiomas, en función das necesidades detectadas, dirixidas ao alumnado Erasmus+.

4ª FASE: PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE PERSOAS SELECCIONADAS.

Vistos os resultados das distintas fases do proceso selectivo, a Comisión de Avaliación confeccionará unha listaxe na que os candidatos/as aparecerán ordenados/as de maior a menor puntuación, indicando o alumnado seleccionado e o que formará parte da lista de reserva. Se o número de solicitudes supera ao de prazas, asignarase unha praza a cada familia profesional seguindo a orde de maior puntuación, ata cubrir a totalidade das prazas.

O resultado provisional farase público no taboleiro de anuncios do centro e na web o **día 25 de novembro de 2024**.

Para presentar unha reclamación, poderase entregar un escrito dirixido á Comisión de Avaliación ata tres días naturais despois da emisión dos resultados, e enviado ao enderezo p-internacionais@iesjohancarballeira.com.

O **28 de novembro de 2024** publicarse o listado definitivo.